

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE ANEXA Ó CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUS-ESPAZO>LAB-PARQUE DE BOMBEIROS). EXP. REF. 2024/C012/000004.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto a regulación da explotación do servizo de cafetería - restaurante anexa ó CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUS-ESPAZO>LAB-PARQUE DE BOMBEIROS) de acordo coas condicións establecidas no presente prego de prescricións técnicas.

SEGUNDA.- HORARIO E CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN.

HORARIO:

O horario máximo de apertura, será o establecido pola normativa de aplicación para este tipo de establecementos.

O adxudicatario poderá establecer libremente os horarios de apertura e peche, así como o peche do establecemento, que non poderán ser máis de dous días á semana.

Non obstante o anterior, fíxase un horario mínimo de apertura que estará comprendido entre as 9:00 e as 22:00 horas, todos os días do ano, agás os días de peche do establecemento así como os días 24, 25 de decembro e 1 de xaneiro, que tamén poderán permanecer pechados.

Os horarios de funcionamento da cafetería-restaurante, así como, de ser o caso os días de peche, serán indicados polos licitadores na súa oferta económica e comunicados ao responsable do contrato cada vez que se modifiquen.

A explotación poderase interromper durante o período vacacional (previa comunicación e autorización do Concello), por un prazo máximo de 15 días e sen que dita interrupción xenere dereito a indemnización ou compensación algunha a favor do concesionario.

PRESTACIÓNS: Serán as propias dun establecemento de dita categoría, aínda que deberán ter en conta o seguinte:

- Dado que se trata dun servizo de cafetería-restaurante deberá ofertar menús variados así como un “**menú do día**” que incluíra primeiro e segundo prato, postre e bebida (a elixir entre auga mineral embotellada, refresco ou viño), e pan cun prezo similar a estes tipos de menús que existen habitualmente no municipio de Lugo.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

JGC/jlgn

Refº: ispac4014080510183619127.doc

Asunto:

A tal efecto deberán figurar anuncios, tanto de cara ao exterior como ao interior do establecemento onde se publicite a existencia dos produtos antes citados, no mesmo tamaño que o resto dos produtos que anuncien.

TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO

O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de **500 euros mensuais (6.000 euros anuais)**, resultando finalmente o canon ofertado á alza pola empresa adxudicataria na súa proposta económica.

CUARTA. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración inicial do contrato será de DOUS ANOS contado a partires da Acta de Inicio da Explotación, podendo prorrogarse por mutuo acordo, por períodos máximos anuais ata OITO ANOS máis, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de DEZ ANOS.

QUINTA.- SOLVENCIA TÉCNICA.

A solvencia técnica deberá ser xustificada do seguinte xeito:

- En caso de **licitadores que sexan persoas físicas** deberá acreditar unha experiencia mínima **de seis meses** na realización dun servizo ou actividade similar a este contrato (servizo de cafetería ou hostalería) ben como autónomo ou como traballador ou empregado por conta allea durante os últimos dez anos, bastando a acreditación de titulación nalgún ciclo formativo de Formación Profesional ou similar en Hostalería para o caso de non ter a dita experiencia previa.

A solvencia acreditarase mediante o correspondente currículum ou declaración responsable asinada polo licitador, xunto coa presentación da vida laboral, copia do contrato laboral ou mediante a achega do título correspondente de FP ou similar que permita en todo caso acreditar os requisitos esixidos.

-En caso de licitadores que sexan **persoas xurídicas** deberá acreditar unha experiencia mínima de **seis meses** na realización dun servizo ou actividade similar a este contrato (servizo de cafetería ou hostalería) nos últimos dez anos, agás no caso de empresas de nova creación, podéndose neste caso acreditar a súa solvencia coa experiencia e/ou titulacións sinaladas anteriormente referidos ao persoal que adscriba a empresa para a prestación directa da actividade.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos servizos realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SEXTA.- CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

- 1.- O adxudicatario deberá cumprir de maneira estricta a normativa vixente en cada momento acerca da venda e consumo de tabaco e alcohol no establecemento.
- 2.- Queda prohibida a instalación de máquinas recreativas.
- 3.- Todos os produtos servidos pola empresa adxudicataria deberán ser correctamente manipulados e deberán cumprir todos os aspectos que especifica a normativa que en cada momento estea en vigor.
- 4.- A empresa adxudicataria deberá ter a disposición dos usuarios follas de reclamacións debidamente autorizadas.
- 5.- O Concello de Lugo resérvase para si o dereito de utilización do local obxecto de concesión sempre que fosen precisos para o exercicio dos cometidos que lle son propios. Se como consecuencia do anterior tivese que suspenderse temporalmente o servizo de cafetería-restaurante a empresa adxudicataria non terá dereito a indemnización ou compensación ningunha.
- 6.- O Concello resérvase ó dereito de inspección permanente sobre o cumprimento pola empresa adxudicataria das obrigas establecidas anteriormente.

SÉTIMA.- RELACIÓNS DA EMPRESA ADXUDICATARIA COAS PERSOAS USUARIAS.

- 1.- O persoal que preste o servizo deberá tratar con dignidade ás persoas usuarias do servizo, sen que sexa posible discriminación de ningunha clase.
- 2.- A entidade e o persoal que preste o servizo deberán eludir todo conflito persoal cos/as usuarios/as informando expresamente de todo incidente ao Concello.
- 3.- Gardar estrita confidencialidade dos datos coñecidos en función da realización do servizo.

OITAVA.- PERSOAL DA PARTE CONTRATISTA.

- 1.- O servizo será prestado directamente pola persoa física ou xurídica que resulte adxudicataria, e quedará expresamente prohibida a transmisión da explotación a terceiros agás expresa autorización do Concello de Lugo.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

JGC/jlgn

Refº: ispac4014080510183619127.doc

Asunto:

2.- O adxudicatario ou adxudicataria recibirá a explotación da cafetería-restaurante sen medios persoais (sen prexuízo da obriga de posibles subrogacións, de ser o caso) sendo da súa conta todo o persoal que contrate para a adecuada prestación do servizo sen que o Concello de Lugo teña ó respecto obriga ningunha en canto ao pagamento de salarios, seguridade social ou calquera outro concepto.

3.- O persoal que se contrate dependerá tanto funcional como organicamente da empresa adxudicataria, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empresario/a, sempre de acordo coa lexislación laboral e social vixente en cada momento, sendo a Administración contratante allea ás ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo dito persoal en relación co Concello de Lugo, nin esixirle a este responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a empresa adxudicataria e os seus empregados e empregadas.

4.- Todas as persoas integrantes do cadro de persoal deberán estar en todo momento en posesión do carné de manipulador/a de alimentos e de todas aquelas autorizacións ou permisos que sexan necesarios para o desenvolvemento do seu traballo, segundo a lexislación vixente.

5.- A empresa adxudicataria coidará en todo momento da boa presenza do persoal ao seu cargo. A atención ao público usuario será sempre correcta e esmerada.

NOVENA.- MEDIOS MATERIAIS

A empresa adxudicataria obrigase a dotar á cafetería-restaurante do mobiliario, aparatos, enxoval e enseres que sexan necesarios para a súa adecuada explotación, agás os que se sinalan no ANEXO I e que achegará o Concello.

DÉCIMA.- OBRIGAS, MANTEMENTO E CONSUMOS. Condicións esenciais

1.- A empresa adxudicataria obrigase a:

- Cando se organicen actividades no parque que requiran comidas, merendas ou petiscos, etc. (clausuras, festas infantís, etc.) colaborará con Concello na súa organización.
- Igualmente, colaborará co Concello na celebración de calquera outro evento poñendo a disposición do mesmo os medios materiais que este precisen.

2.- En relación co mantemento das instalacións:

- A empresa adxudicataria da cafetería-restaurante correspóndelle a limpeza do recinto, incluída a terraza anexa, instalacións, mobiliario, baños, adornos, ventanais, etc.

- A empresa adxudicataria obrigarse a depositar todos os residuos que se xeneren en dita cafetería-restaurante, debidamente clasificados, no lugar e horario indicados polo Concello.
- O adxudicatario encargarse do mantemento durante o día da devandita cafetería-restaurante así como da colocación de mesas e cadeiras na terraza, despois de ser utilizados polos clientes ou usuarios. Manterá en condicións perfectas de limpeza e ornato o espazo ocupado, para o cal deberá cumprir o plan de limpeza que presente coa súa oferta coas correccións ou modificacións que indique o Concello de Lugo para garantir o correcto estado do dominio público.

3.- En relación co responsable do contrato.

A empresa adxudicataria deberá achegar ao responsable do contrato a documentación que a continuación se indica e coa periodicidade que se sinala:

- **Cada vez que se produzan:**
 - Copia das follas de reclamacións presentadas polos/as usuarios/as da cafetería-restaurante.
 - Modificacións no seguro de responsabilidade civil, así como os xustificantes do pagamento da póliza.
 - Modificacións dos horarios de apertura e peche, así como, de ser o caso, os días de peche do establecemento.

4.-Outras obrigas:

- A empresa adxudicataria encargarse do mantemento da devandita cafetería-restaurante e manterá os locais, instalacións, equipos e mobiliario en bo estado de conservación e limpeza, seguindo as pautas da boa práctica. En todo caso, cumprirá aquelas disposicións establecidas na lexislación ou normativa vixente de revisións periódicas e corrección das anomalías detectadas.
- Serán de conta da empresa concesionaria as necesarias obras de conservación dos locais, instalacións e equipamento así como a reposición de material avariado e deteriorado. Entenderase que as obras a realizar serán aquelas que non afecten a elementos estruturais do inmovible.
- A empresa adxudicataria está obrigada a conservar en perfectas condicións os mobles, efectos e aparatos achegados polo Concello así como os achegados por ela mesma, sendo da súa conta as reparacións que se efectúen neles así como as reposicións necesarias por outros similares, tendo en conta a vida útil do elemento a repoñer.
- O Concello de Lugo inspeccionará o cumprimento destas obrigas, propoñéndolle en cada caso as medidas oportunas. En caso de incumprimento das medidas propostas polo Concello de Lugo, este poderá levalas a efecto con cargo á empresa adxudicataria do servizo.
- Os únicos dereitos que a empresa adxudicataria terá sobre os locais e instalacións serán os da súa utilización durante a vixencia do contrato.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

JGC/jlgn

Refº: ispac4014080510183619127.doc

Asunto:

- Para efectuar modificacións nos locais e/ou instalacións será precisa a autorización previa do Concello de Lugo e a mesma farase baixo as directrices que establezan os servizos técnicos. Ditas modificacións ou melloras quedarán a beneficio do Concello de Lugo, unha vez rematada a vixencia contractual.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CONTROL DE CALIDADE.

A empresa adxudicataria deberá manter un control de calidade, responsabilizándose tanto das condicións hixiénicas e sanitarias dos artigos a venda, como os que sexan de aplicación na preparación dos alimentos, con escrupulosa observancia na regulamentación existente.

A conservación, almacenamento e manipulación das materias primas, tanto frescas como conxeladas deberá cumprir coa Regulamentación Técnico Sanitaria de comedores colectivos.

Así a empresa adxudicataria será a única responsable das alteracións que poidan sufrir os produtos alimentarios e das consecuencias que para a saúde das persoas usuarias puidesen derivarse.

DÉCIMO SEGUNDA.- GASTOS A CARGO DA EMPRESA ADXUDICATARIA.

Serán a cargo da empresa adxudicataria os seguintes gastos:

- A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, enxoval e efectos , e en xeral, calquera elemento necesario para a prestación do servizo agás os enumerados no ANEXO I.
- Mantemento do local en perfectas condicións, sendo pola súa conta todo tipo de reparacións e tarefas de acondicionamento que este precisase, ben a iniciativa propia do adxudicatario ou ben a instancia do Concello de Lugo.
- Mantemento do inmovible en perfectas condicións debendo comunicar calquera avaría o deterioro no local aos efectos de que se proceda por parte do Concello, no seu caso, a súa reparación, sendo de conta do adxudicatario o custo destas reparacións no caso de que o deterioro obedeza a un uso inadecuado.
- Todos os gastos e responsabilidades que implique o inicio e a explotación do servizo.
- Serán a cargo da empresa adxudicataria todos os impostos, taxas e demais tributos que graven ou incidan na actividade obxecto deste contrato, sendo o seu incumprimento responsabilidade directa da adxudicataria, e en definitiva, todos os gastos iniciais ou futuros que se produzan durante a vixencia do contrato en que incorra a explotación.
- Será de conta do concesionario os custos da subministración de auga, saneamento, gas, enerxía eléctrica e combustible de biomasa para o funcionamento da caldeira, así como en xeral todos os consumos que sexan

necesarios para a prestación do servizo así como o mantemento das instalacións.

- Todos os gastos a cargo da empresa adxudicataria do contrato serán aboados directamente por este ao/á seu/súa administrador/a, sen que se produza intermediación nin responsabilidade ningunha a cargo do Concello de Lugo.

DÉCIMO TERCEIRA.- OBRAS E INSTALACIÓNS.

O obxecto deste contrato é exclusivamente a explotación do servizo de cafetería-restaurante sen que se inclúa obra de reforma ou acondicionamento ningún.

En todo caso a empresa concesionaria estará obrigada a permitirlle ó Concello de Lugo a realización de obras de acondicionamento e mellora do local adscrito á cafetería-restaurante que estime pertinentes sen dereito a recibir indemnización polos trastornos que se ocasionen, mesmo se a súa realización implicase unha suspensión temporal da explotación.

DÉCIMO CUARTA.- TARIFAS.

O adxudicatario terá dereito a percibir dos usuarios do servizo de cafetería-restaurante o prezo correspondente ás prestacións satisfeitas, na contía que estime oportuno. O adxudicatario deberá expoñer nun lugar visible do local a lista de prezos tanto do servizo de cafetería como do servizo de comidas.

DÉCIMO QUINTA.- REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS E MOBILIARIO.

Cando remate o prazo contractual, o servizo reverterá no Concello de Lugo, debendo a empresa adxudicataria entregar a este, sen cargo ningún, as "instalacións" que se tiñan dotadas para levar a cabo a explotación, no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Por "instalacións", para os efectos da súa inclusión no réxime de reversión que regula este prego, deberán entenderse comprendidos o local aportado polo Concello á empresa adxudicataria do servizo ó comezo do contrato, así como os investimentos realizados por esta, nese momento e as posteriores, de substitución ou mellora daquelas, de modo que, en definitiva, a reversión se refire ao local, coas obras realizadas, decorado e debidamente acondicionado, o equipamento, maquinaria e instalacións da cafetería-restaurante e mobiliario, tanto os que achega o Concello e que se relacionan no ANEXO I, coma as instaladas e postas a servizo pola empresa concesionaria.

Exclúese do réxime de reversión o enxoval (cubertería, louza, vaixelas, mantelería etc...)

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

JGC/jlgn

Refº: ispac4014080510183619127.doc

Asunto:

No prazo de tres meses anteriores á reversión, o Concello de Lugo adoptará as disposicións que considere oportunas, encamiñadas a que á entrega dos bens se verifiquen nas condicións convidadas.

DÉCIMO SEXTA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

O contrato poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- Polo transcurso do prazo de duración do contrato.
- Por renuncia unilateral do concesionario, que implicará a perda da fianza definitiva e reversión anticipada do equipamento achegado.
- Falta de pagamento por tres meses continuados do canon ofertado.
- Por incumprimento das obrigas do concesionario sinaladas neste prego e no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Por calquera outra causa de extinción segundo a normativa que resulte de aplicación.

DÉCIMO SÉTIMA.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

Ademais das obrigas xerais, derivadas do réxime xurídico deste prego atenderase especialmente as seguintes:

- O contrato executarase a risco e ventura da empresa adxudicataria.
- A empresa adxudicataria será responsable da calidade técnica da actividade desenvolvida, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello de Lugo ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- Será de conta da adxudicataria indemnizar por todos os danos que se causen, persoais, e materiais, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. En calquera caso, a empresa responderá de todas as actuacións do seu persoal destinado ao servizo.
- O contratista deberá contratar o persoal preciso para atender as súas obrigas.
- O Concello non se fai responsable da falta de pago da empresa adxudicataria aos seus provedores, nin das deterioracións, roubos que se puideran cometer na cafetería-restaurant, e demais instalacións anexas ao servizo obxecto deste contrato.

DÉCIMO OITAVA.- ASEGURAMENTO.

A empresa adxudicataria estará obrigada a presentar con carácter previo á adxudicación:

- Certificación da Compañía de Seguros conforme o seguinte modelo:

“A Compañía de Seguros con NIF

CERTIFICA:

1.- Que a empresa ou persoa física D/Dona..... con NIF ten contratada con esta compañía a póliza de seguro co número con efecto dende o día..... e vencemento e que se atopa ao corrente do seu pagamento.

2.- Esta póliza de seguro, pola actividade obxecto do contrato consistente en:

EXPLORACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE ANEXA Ó CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUS-ESPAAO>LAB-PARQUE DE BOMBEIROS) ten as seguintes coberturas e límites/sublímites:

Responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade locativa na súa condición de cesionaria das instalacións nas que se desenvolva a actividade, fronte ó propietario da mesma, responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil produtos-alimentos subministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato; tanto para persoas traballadoras como para persoas usuarias debendo incluírse os riscos por intoxicación alimentaria ou por incumprimento normativa hixienico-sanitaria, cunha cobertura mínima de 600.000 € por sinistro, sendo o sublímite mínimo por vítima de 300.000 € e franquicia non superior a 150 €.”

- Así mesmo deberá achegar anualmente xustificante de pagamento da citada póliza.
- Cando lle corresponda ao contratista a obriga de indemnizar, e o importe dos danos e perdas ocasionados resultase superior á cantidade asegurada na póliza executada, a diferenza será igualmente pola conta da empresa, que deberá facela efectiva directamente. Os riscos asegurados comprenderán tamén os que poida orixinar o persoal destinado ao servizo pola empresa adxudicataria.
- No caso dos materiais achegados pola empresa adxudicataria, o Concello queda exonerado de toda responsabilidade sobre o depositado nas súas instalacións.

ANEXO I

RELACIÓN DE EQUIPAMENTO E MOBILIARIO

Referencia	Concepto	Uds
	MAQUINARIA	
1.01	Armario de refrixeración inox.	1
1.02	Armario de conxelación	1
1.03	Tajo de corte	1

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

JGC/jlgn

Refº: ispac4014080510183619127.doc

Asunto:

BAR		
2.01	Moble bar. Inclúe uds de sotabanco e moble cafeteiro.- -	1
2.02	Fabricador de xeo.- MANITOWOC	1
2.03	Botelleiro refrixerado RUCASI. 3 portas, caixons e estantes	1
2.04	Fregadeiro baixobarra	1
2.05	Lavavasos.- SAMMIC – SL 23	1
2.06	Máquina café.- LA CIMBALI III M31 DOSATRON	1
2.07	Muíño de café LAS CANDELAS	1
2.08	Máquina rexistradora.- OLIVETTI EXPLORE@ 300XS	1
2.09	Exprimidor cítricos ZUMMO	1
LAVADO DE VAIXELA		
3.01	Mesa inox entrada lavado	1
3.02	Lavavaixelas.- SL 1-100 SAMMIC	1
3.03	Mesa inox saída limpio	1
3.04	Mesa de traballo inox	1
COCIÑA		
4.01	Fregadeiro inox	1
4.02	Freidora a gás.- FRI FRI SYSTEMOULTI	1
4.03	Cociña 4 fogos a gás c/forno.- REPAGAS	1
4.04	ELEMENTO NEUTRO	1
4.05	FRY-TROP PLACA LISA.- REPAGAS	1
4.06	MESA DE TRABALLO INOX	1
4.07	MESA DE TRABALLO INOX	1
4.08	CORTADORA DE FIAMBRE.- SAMMIC	1
4.09	MICROONDAS DOMÉSTICO BEKO	
MOBILIARIO		
5.01	Mesa comedor 1200x800 mm	6
5.02	Mesa comedor 800x800mm	3
5.03	Silla comedor	30
5.04	Mesa cafetería 700x700 mm	4
5.05	Silla cafetería	24
5.06	Mesa cafetería 100 x 700 mm	4
5.07	Mesa alta cafetería	2
5.08	Asiento alto cafetería	10
OUTROS		
6.01	INSTALACIÓN DE GAS	1
6.02	INSTALACIÓN DE ANTENA E TELEFONÍA	1
6.03	ROTULO LUMINOSO	1
6.04	MUEBLE OFICINA	1
6.05	ESTANTERÍAS ALMACÉN A MEDIDA	1
6.06	PLANCHA DOMÉSTICA BOSH (para mantelerías)	1
6.07	CALENTADOR DE AUGA GAS JUNKERS	1
6.08	Lámparas en barra cafetería	5

ANEXO II

RELACIÓN MERAMENTE INFORMATIVA DE TRABALLADORES DA EMPRESA QUE PRESTABAN OS SEUS SERVIZOS ANTES DO PECHE DA INSTALACIÓN.

	Antigüidade	Tipo de xornada	Categoría	Salario base	Comple-mentos	Total €. con Seguridade Social
TRABALLADORA	12/05/2015	COMPLETA	CAMAREIRA	1156,10	77,65	1912,25
TRABALLADORA	03/05/2018	PARCIAL 60%	COCIÑEIRA	664,02	54,91	1111,95
TRABALLADORA	03/05/2023	COMPLETA	CAMAREIRA	1070,46	77,65	1794,35
TRABALLADORA	09/01/2024	PARCIAL. 25%	AXTE.COCIÑA	265,87	27,53	456,64
TRABALLADORA	01/02/2024	PARCIAL. 50%	AXTE. CAMAREIRA	531,75	35,06	886,67

O XEFE DE SECCIÓN DE PATRIMONIO,
por suplencia, a técnica de Admón Xeral do
Servizo

Ana Tabarés Martínez

O CONCELLEIRO DELEGADO DA
ÁREA, por suplencia,

Miguel Fernández Méndez

(sinaturas dixitais)